



*Percorrido pola batalla de Elviña**



RECREACIÓN DA BATALLA DE ELVIÑA

A Batalla de Elviña nos arredores da Coruña foi unha das máis importantes das libradas en Galicia durante a Guerra da Independencia.

O 11 de xaneiro de 1809, os británicos entraron na cidade procedentes de Betanzos pola ponte do Burgo, voando esta ao seu paso sobre a ría para conteren o avance francés. Varias xornadas necesitaron as forzas de Sout para cruzaren o río Mero e alcanzar os británicos.

Os de Moore, entre tanto, recibían aos navíos que haberían de levalos á súa patria e conseguían embarcar enfermos, artillería e cabalos, á vez que reorganizaban e aprovisionaban o seu exército.

***1809**

En xaneiro de 1809, os británicos ás ordes do xeneral Sir John Moore retirábanse cruzando toda Galicia para conseguiren embarcar na Coruña ante o avance das tropas napoleónicas.



...perfís:

Sir John Moore. Xeneral británico que dirixiu a retirada das tropas británicas, polo porto da Coruña, na Guerra da Independencia.

Nicolás Jean-de- Dieu Sout. Político francés e destacado militar, dirixiu as tropas de Napoleón na Guerra da Independencia Española.



HÚSAR



TROPAS FRANCESAS



Lady Hester Stanhope, A Raíña do Deserto

Contan crónicas da época que esta nobre británica, sobriña do primeiro ministro William Pitt, mantivo unha relación sentimental co xeneral Sir John Moore, falecido na batalla de Elviña un 16 de xaneiro de 1809. Desde entón, todos os anos, ese mesmo día, Lady Hester viaxa á Coruña para saudar ao que foi amor da súa vida. Contan que a súa silueta paséase polo Xardín de San Carlos, onde xace Moore. Da nada, de súpeto, xorde a misteriosa silueta dunha muller elegante, vestida de branco, co rostro cuberto pola á dun gran chapeu. A súa sombra camiña lenta até a tumba do seu amado onde se para e desaparece.



MULLERES CORUÑESAS NA RECREACIÓN DA BATALLA

Cos británicos libres de cargas e notablemente recuperados da dura persecución, os primeiros tambores da anunciada batalla soaron o 15 de xaneiro, cando o mariscal Sout tomou as alturas de Palavea e Penasquedo que dominaban as posicións inimigas situadas en Elviña. Ante a inacción dos galos, Moore ordenou a retirada, o que espertou o receo dos franceses catalizando a ofensiva o 16 de xaneiro. Ese día, os napoleónicos asaltaron a aldea de Elviña e desatouse o inferno. Os batallóns de Moore defenderon a posición sometendo a lume mortal as liñas francesas, que aos poucos tiveron que retroceder. No medio da intensa loita, unha bala de canón alcanzou o xeneral escocés que falecía horas despois nunha casa dos Cantóns.

Pasado o furor da contenda, nas noites do 17 e 18 de xaneiro os ingleses conseguiron embarcar rumbo ao seu país axudados polos coruñeses. A última división británica, a de Beresford, impediu que os franceses canoneasen os barcos. O xeneral Alcedo quedou ao mando da cidade defendéndoa até que a frota saíu da baía, rendéndose despois aos franceses.

Foi a batalla da Coruña un episodio bélico sen vencedores nin vencidos. Por unha banda, os ingleses conseguiron chegar á cidade e retirárense por mar e, por outro, os franceses conseguiron o domino do territorio.

Se o seu espírito falase, contaríanos que ademais de ser íntima de Moore, Lady Hester foi unha gran viaxeira xeorxiana nunha época na que ás mulleres non se lles permitía ningunha excentricidade. Tras a morte do xeneral, embarcou nunha gran aventura. Percorreu Oriente onde pasou os últimos 30 anos da súa vida, de aí o seu alcume: "a raíña do deserto". E pasou á historia por ser a primeira europea que pisou Damasco, ser a primeira muller branca que entrou na cidade prohibida de Palmira e ser a primeira viaxeira que conviviu cos beduinos.

MÁIS INFORMACIÓN EN:

www.turismocoruna.com

SÍGUENOS EN:



Turismo Coruña
Rúa Sol. Edificio Sol, s/n
15003 A Coruña
T +34 981 184 344
infoturismo@coruna.es



CORUÑA
PROXIMA



WARRIOR IN RED COAT AND BROWN
HAT FELL IN THE BATTLE OF ELVIÑA, WHO PREVENTED
THE SABBOTAGE OF THE BRITISH TROOPS.



A Coruña E SIR JOHN MOORE

Percorrido pola Batalla de Elviña/

A batalla desenvolveuse dentro do chamado Chaira de Elviña, nas inmediacións da cidade da Coruña, onde se achaban fondeados os barcos da Royal Navy postos para a evacuación.



Ponte do Burgo
Paseo da Ría do Burgo (fóra da cidade, 7 km)
Esta ponte do Burgo de orixe romana, reformada na época medieval (século XII), reconstruída no ano 1992, foi no seu momento cruzado polas tropas do xeneral Sir John Moore, na súa retirada cara á Coruña, e voada por estas, co obxecto de que as tropas francesas que lles seguían non puidesen cruzala e facilitar así o embarque dos británicos na baía da Coruña.



Pena de Galiacho
Monte da Zapateira
Estas placas na Pena do Galiacho, nos contrafortes do monte da Zapateira, en Elviña, evocan o paso por esta terra das tropas do xeneral Sir John Moore e o acontecemento bélico que aquí tivo lugar. Unha das placas foi descuberta polo Príncipe de Gales en 1931. As demais, custeadas por asociacións históricas coruñesas, polo embaixador do Reino Unido en 1997.



Igrexa San Vicente de Elviña
Rúa Camiño da Igrexa
A antiga Igrexa de San Vicente de Elviña, foi testemuña en primeira liña da Batalla de Elviña ou da Coruña. Con este último nome é coñecida esta batalla, que consistiu no final encontro e enfrontamento das tropas napoleónicas ao mando do mariscal Soult, e as británicas baixo o mando do xeneral Sir John Moore, acción na que foi ferido de morte.



Placas polos caídos na Batalla
Rúa Camiño da Igrexa
Situadas ao cruceiro da igrexa de San Vicente de Elviña, a primeira placa foi inaugurada o 15 de xaneiro de 1999, polo embaixador de S. M. Británica en España, con motivo de celebrarse o 190º aniversario da batalla. Nela lémbrese a todos os soldados caídos franceses, británicos, españois e outra delas, ao xeneral francés, Joseph Yves Manigault Gaulois, falecido tamén na batalla.



Granxa dos Franciscanos na Universidade da Coruña
Rúa Lisboa
Lugar onde se atopan os restos da Granxa dos Franciscanos, hoxe en día, rehabilitados para oficinas do campus universitario. Este edificio serviu de aloxamento e durmiu o mariscal Soult a noite da batalla. Dadas as vistas, situación e altura, foi posto de mando do exército francés; a moi poucos metros situáronse as baterías de artillería francesas que batían o campo de batalla, e un dos seus canóns feriu de morte o xeneral Sir John Moore.



O monólito do mariscal Soult, Duque de Dalmacia
Campus Universidade da Coruña
Este monumento atópase no que foi o campo de batalla, hoxe en día o campus da Universidade da Coruña. Recolle o texto que mandou gravar o mariscal Soult despois da batalla, "HIC CECIDIT JOHANNES MOORE, DUX EXERCITUS IN PUGNA JANUARI XVI, 1809 CONTRA GALOS A DUCE DALMATIAE DUCTOS" e foi inaugurado o 16 de xaneiro de 1998 polo embaixador de Francia en España.



Parque de Santa Margarida
Parque de Santa Margarida
Restos dun muíño, dos que existían nos montes de Santa Margarida, hoxe parque. Ata aquí estendéronse os efectos da Batalla de Elviña, con duros enfrontamentos dos dragóns franceses contra os highlanders británicos, que se retiraban cara á A Pescaría e a Cidade Vella para embarcárense nos buques da armada británica que os esperaban na baía.



Placa conmemorativa Cantón Grande, 5
Esta placa na fachada do número 5 do Cantón Grande, sinala a antiga localización da casa do comerciante coruñés, Genaro Fontenla, na que faleceu o xeneral Sir John Moore, tras resultar ferido por unha bala de canón na batalla, o 16 de xaneiro de 1809.



Óleo da Batalla
Palacio Municipal Praza María Pita
Óleo da Batalla da Coruña 1809, do pintor coruñés Jano Muñoz, promovido e asesorado pola asociación coruñesa "The Royal Green Jackets". Realizado con técnicas de pintura de principios do século XIX, nel podemos observar detalles curiosos do enfrontamento entre franceses e británicos. Atópase nun dos salóns da planta nobre do Palacio Municipal.



Porto da Coruña
Avenida do Parrote
Vista parcial do porto e baía da Coruña desde a muralla do Parrote, xunto cunha das famosas Portas do Mar destas murallas, por onde embarcaron parte das tropas do exército británico o 16 e 17 de xaneiro de 1809.



Castelo de Santo Antón
Avenida do Parrote
Antigo forte e illa, hoxe unida a terra firme, está intimamente relacionado coa defensa da cidade da Coruña e do seu porto. Hoxe é un interesante museo arqueolóxico que conta cunha sala dedicada á Batalla de Elviña-1809.



Paseo de Sir John Moore
Paseo de Sir John Moore
Este Paseo de Sir John Moore é unha vía que circunda o Xardín de San Carlos, separados os dous por reixos muros do vello baluarte coruñés. Mercé a unha iniciativa da Orde de Cabaleiros de María Pita e coa estreita colaboración do concello coruñés, que aprobou a proposta, este espazo foi bautizado co nome do xeneral británico no verán de 1995.



Museo Histórico-Militar
Praza Carlos I, 1
Próximo e case fronte ao Xardín de San Carlos, na Praza de Carlos I, xunto á bela igrexa da Venerable Orde Terceira de San Francisco, atópase o Museo Histórico-Militar da Coruña, que exhibe unha maqueta, armas e obxectos relacionados coa Batalla de Elviña-1809.



Xardín-Baluarte de San Carlos
Paseo de Sir John Moore
No centro deste xardín atópase o mausoleo que garda os restos do xeneral Sir John Moore desde hai case dous séculos. Foi en 1834 cando o gobernador militar da Coruña, Francisco de Mazarredo, decidiu honrar a memoria do mencionado militar británico proxectando un xardín en cuxo centro se levaría a citada tumba.



xa coñeces a Sir John Moore?